

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO ORDINARIA DE 24 DE XANEIRO DE 2022

1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00047030F.

Licenza obra maior |

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe da arquitecta municipal de data 29/12/2021 solicitada pola comunidade de propietarios Rúa Mallou 60 para a implantación dun ascensor no edificio situado na Rúa Mallou,60 Santiago de Compostela (A Coruña) segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Juan Pinto Tasende de data de visado do 05/06/2020 e a documentación presentada na data 13/01/2021.

Segundo.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade.

Terceiro.- Conceder á Comunidade de Propietarios Rúa Mallou,60 Santiago de Compostela (A Coruña) licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Juan Pinto Tasende de data de visado 05/06/2020 e a documentación presentada o 13/01/2021,cun orzamento de execución material de 26.678,95 € , a reforma de portal e escaleira para a implantación dun ascensor no edificio situado na Rúa Mallou,60 Santiago de Compostela (A Coruña)

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00028348R.

Licenza obra maior |

Concédesse a D^a Natalia Seoane Iglesias licenza para construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa Mallou,59, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Álvaro Marín Durán e Alfonso Castro Lorenzo de data de visado do 05/05/2021 e a documentación presentada na data 03/09/2021, cun orzamento de execución material de 104.176,80 €.

3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2021/00014897M.

Licenza de obras para a instalación de pistas de padel na RÚA POLONIA, 31 |

Concédesse a PADELPRIX WORLDWIDE, S.L. licenza de obras de reforma de edificación en construción para a instalación de pistas de padel na RÚA POLONIA, 31 (parcela 83 do SUNP-37-1º sector) segundo Proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Ricardo Fernández Garrido con data de 04/06/2021, cun orzamento de execución material de 70.000 €, baixo a dirección do proxectista.

As actuacións consistirán en OBRAS DE ACONDICIONAMENTO de nave de planta baixa e altura de nove metros para instalación de seis pistas de padel, vestiarios, aseos e aparcamento cunha superficie construída total de 1.817,80 m² (1.775,77 m² útiles), para o desenvolvemento da actividade deportiva de padel.

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza Zona E do Plan Parcial do SUNP-37-1º sector.

4. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/207/2020.

Rectificación erro. |

Rectifícase o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 29 de novembro de 2021 no sentido de facer constar que onde di “....RC 4368501NH346600010A....” debe dicir “..... 4368501NH3446G00010A....”

5. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2021/00048046B.

Aprobación inicial do Proxecto reformado da Reparcelación da unidade de actuación

UA-2 do PERI-7. Ponte Pedriña |

Ao abeiro do previsto no artigo 273.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, APRÓBASE INICIALMENTE O PROXECTO REFORMADO DA REPARCELACIÓN DA UNIDADE DE ACTUACIÓN UA-2 DO PERI-7 (Pontepedriña), formulado de oficio polo Concello de Santiago a través dos servizos municipais de Planeamento e Xestión Urbanística.

O expediente someterase a información pública durante o prazo de UN MES, con citación persoal de todos os titulares afectados e publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00043486M.

|Devolución fianza contrato “Subministro e instalación de elementos novos para renovación da área de xogos infantís do parque de Galeras” |

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, LAPPSET ESPAÑA VR SL, por importe de 3.063,70 euros para responder do contrato de “Subministro e instalación de elementos novos para renovación da área de xogos infantís do parque de Galeras”. CON/26/2016.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051632D.

|Devolución da fianza contrato de “Servizo desenvolvemento do proxecto pedagóxico "teatro comunitario" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela” . CON/35/2019 |

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, PRODUCCIONS TEATRAIS TALIA SL, por importe de 1.305,38 euros para responder do contrato de “Servizo desenvolvemento do proxecto pedagóxico "teatro comunitario" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela” . CON/35/2019 .

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00046997C.

|Devolución de fianzas “Servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da unidade municipal de atención ó drogodependente (UMAD)”. Expedientes **CONTRATACION/121/2003** e **CON/4/2017**. |

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a devolución solicitada polo administrador concursal da fianza constituída pola empresa, SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, SL, por importe de 1.316,62 euros para responder do contrato de “Servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da unidade municipal de atención ao drogodependente (UMAD)” .

Segundo.- Autorizar a devolución da fianza solicitada polo administrador concursal constituída pola empresa, SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, SL, por importe de 5.590,79 euros para responder do contrato de “Servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións da unidade municipal de atención ao drogodependente (UMAD)” .

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051841B.

|Devolución de fianza “Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2017-2018 e 2018-2019”. |

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, SERUNION SA, por importe de 84.581,82 euros para responder do contrato de “Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2017-2018 e 2018-2019” .CON/26/2017.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00046972H.

Devolución de fianza “Servizo de xestión de actividades no Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela” . CON/5/2016
Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, SERVIPLUSTOTAL SLU, por importe de 4.558,80 euros para responder do contrato de “Servizo de xestión de actividades no Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela” . CON/5/2016

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00056213J.

Devolución fianza “Deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das festas do Apóstolo 2020 do Concello de Santiago de Compostela” . CON/34/2020

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, PIROTECNIA ZARAGOZANA, SA., por importe de 4.405 euros para responder do contrato de “Deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das festas do Apóstolo 2020 do Concello de Santiago de Compostela” . CON/34/2020

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00058432R.

Devolución fianza Prestación do servizo da diagnosis, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas.” . CON/75/2018

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, INGENIERIA DEL NOROESTE SL, por importe de 980,00 euros para responder do contrato de “Prestación do servizo da diagnosis, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas.” . CON/75/2018

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00025422L.

Deixar deserta a licitación “Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela: Lote IV: Novas tecnoloxías CON/21/2020. |

Acórdase declarar deserta a licitación para a contratación do “Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela: Lote IV: Novas tecnoloxías CON/21/2020, ao non terse presentado ningunha oferta.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047748N.

Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 3 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos). |

Acórdase:

Primeiro.- Proceder á revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 3 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos), propiedade de D. José Manuel Blanco García, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2020 e decembro de 2021, que supón un incremento relativo do 6,5%, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2022 no importe mensual de 588,92 € mais IVE (712,59 €), e importe anual de 8.551,08 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente ao incremento do IPC para a anualidade 2022 de 521,76 €.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047917C.

Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadán). |

Acórdase proceder á revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadán), propiedade de D. José Manuel Calviño Pomar, segundo as variacións experimentadas

polo IPC no período comprendido entre decembro de 2020 e decembro de 2021, que supón un incremento relativo do 6,5%, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2022 no importe mensual de 709,81 € mais IVE (858,87 €), e importe anual de 10.306,44 € IVE incluído.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047869H.

Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 10 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Rexistro Xeral).

Acórdase proceder á revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 10 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Rexistro Xeral), propiedade de Dna. Pilar Deus Casas, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2020 e decembro de 2021, que supón un incremento relativo do 6,5%, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2022 no importe mensual de 710,01 € mais IVE (859,11 €), e importe anual de 10.309,32 € IVE incluído.

Segundo.- Acórdase aprobar e comprometer o gasto correspondente ao incremento do IPC para a anualidade 2022 de 629,16 €.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00025422L.

Dar conta á Xunta de Goberno sobre as resolucións do TACGal que inadmiten os recursos especiais en materia de contratación interpostos pola CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA e a empresa SERRAL ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE ARCHIVOS Y BIBLIOTECAS e o Grupo Municipal BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, contra os pregos da licitación "Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Lote I: Animación sociocultural; Lote II: Bibliotecas; Lote III: Atención ao público (reservado a Centros Especias de Emprego D.A. 4ª LCSP); Lote IV: Novas tecnoloxías " CON/21/2020

Acórdase:

Primeiro: Dar conta das seguintes resolucións recaídas nos recursos especiais en materia de contratación interpostos contra os pregos do expediente denominado Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Lote I: Animación sociocultural; Lote II: Bibliotecas; Lote III: Atención ao público (reservado a Centros Especias de Emprego D.A. 4ª LCSP); Lote IV: Novas tecnoloxías:

- Resolución núm. 269/2021 relativa ao recurso interposto pola CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (Lote 2), núm. Recurso 264/2021
- Resolución núm. 273/2021 relativa ao recurso interposto por SERRAL ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE ARCHIVOS Y BIBLIOTECAS SL, núm. recurso 269/2021.
- Resolución núm. 277/2021 relativa ao recurso interposto polo Grupo Municipal BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, núm. recurso 290/2021

En todas elas se acorda, conforme o artigo 55.d) da LCSP, a inadmisión dos recursos presentados pola súa interposición extemporánea e se declara que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición dos recursos.

Segundo: Dar conta do levantamento da suspensión acordada para os recursos 264/2021 e 269/2021 polo que se continúa co procedemento de adxudicación da licitación Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Lote I: Animación sociocultural; Lote II: Bibliotecas; Lote III: Atención ao público (reservado a Centros Especias de Emprego D.A. 4ª LCSP); Lote IV: Novas tecnoloxías.

18. EDUCACIÓN. Referencia: CON39/2019 COMEDORES ORDE CONTINUIDADE.

Aprobar a orde de continuidade do contrato administrativo para a prestación do servizo

de catering e de persoal monitor / coidador de comedor escolar para os CEIP de Santiago de Compostela (CON/39/2019) |

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar a orde de continuidade do Servizo de Catering e de Persoal Monitor/ Coidador de Comedor Escolar para os CEIP de Santiago de Compostela (CON/39/2019) mentres non se resolve o proceso de licitación do servizo e ata a formalización do novo contrato -actualmente en preparación e que se prevé adxudicar durante o segundo semestre do ano 2022. A orde de continuidade desenvolveríase consonte ao contrato e aos pregos de cláusulas administrativas e técnicas polas que se adxudicou o servizo á empresa Alimentación Saludable Gallega, S.L. de data de 29 de xaneiro de 2020.

SEGUNDO: dar conta desta resolución aos Servizos Económicos e de Contratación.

TERCEIRO: notificar esta resolución á empresa Alimentación Saludable Gallega, S.L.

19. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/500/2018.

Reasignación do supervisor do contrato de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do concello de santiago|
Designase como supervisora responsable do contrato para o “SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, PEQUENA REFORMA OU AMPLIACIÓN DE DIVERSOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO” á técnica municipal D^a M^a del Carmen Liñares Mosquera.

20. XESTIÓN DE PERSOAL. REFERENCIA: 2022/00002411Y.

| Conclusións do informe de intervención municipal número 12/2022, sobre proposta de nomeamento de seis oficiais da policía local do concello de santiago de compostela mediante concurso. |

Acórdase validar as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Persoal con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento de José Luis Castro Eitor, Guillermo Blanco Caamaño, Francisco Javier López Quintáns, Marcos Iglesias Martínez, Eulogio Iglesias Solla e Sergio Mariño Ruza como oficiais da policía local do Concello de Santiago de Compostela, prazas encadradas na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase escala oficial, categoría policía, subgrupo C1, co carácter de funcionarios de carreira, con efectos administrativos e económicos do día 1 de febreiro de 2021.

21. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2021/00050059T.

| Dar conta da adhesión do Concello de Santiago de Compostela ao Convenio de Colaboración suscrito o 21 de outubro de 2021 entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de atención e protección da saúde |

Acórdase:

Primeiro - Dar conta da adhesión do Concello de Santiago de Compostela ao Convenio de Colaboración suscrito o 21 de outubro de 2021 entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de atención e protección da saúde.
Segundo - Que a Xunta de Galicia contribuirá ao financiamento das actividades comprendidas no obxecto do presente convenio con 533.969,92€ (cincocentos trinta e tres mil novecentos sesenta e nove euros con noventa e dous céntimos), segundo o establecido na proposta de adhesión do Concello de Santiago ao Convenio.
Terceiro - Que o Convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de

marzo de 2022. Sen embargo, atenderanse os pagos derivados do cumprimento deste convenio dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2021 para a presentación da documentación xustificativa dos gastos subvencionables. A data límite para presentar a documentación xustificativa á FEGAMP (gasto e actividades) será o 22 de febreiro de 2022, segundo o punto 5 da cláusula decimo primeira do Convenio para a realización de programas para a atención e promoción á saúde.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00002564K.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da memoria anual -2021- da actividade da Asesoría Xurídica Municipal

Tómase coñecemento da MEMORIA ANUAL -2021- DA ACTIVIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL

23. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00003372R.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

URXENCIAS

- Ampliación do prazo de execución da obra "Construción dun espazo cuberto exterior no CSC de Santa Marta".

Acórdase ampliar, ao abeiro do establecido no artigo 195.2 da LCSP, o prazo de execución das obras do espazo cuberto de usos múltiples para o barrio de Sta. Marta-Choupana ata o 28/02/2022.

- Solicitud dunha subvención á Consellería de Medio Ambiente para financiar gastos de xestión de biorresiduos de competencia municipal.

Á vista da liña subvencionable en materia de biorresiduos para as entidades municipais, Liña 1: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia) e unha vez constatado que se axusta perfectamente á política ambiental planificada polo Concello de Santiago, acórdase solicitar a axuda convocada ao abeiro da Orde 30 de novembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda por un importe máximo subvencionable de 65.775,60 euros.

- Aprobación do proxecto da obra "Pavimentación de viario secundario en Verdía, Marantes, A Gracia etc" (obra do POS+ Adicional 1/2021).

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 20/01/2022 da obra "Pavimentación de viarios secundarios en Verdía, Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Villestro, A Curuxeira e Aríns", redactado polo enxeñeiro de camiños D. Gilberto Rodríguez Rodríguez, e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 97.514,44 euros + 20.478,03 euros de IVE = 117.992,47 euros.

- Prazo de execución: 4 meses.

- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Manter a non división en lotes do investimento do proxecto construtivo acordada con data 21/10/2021 xa que non se alteran os motivos que a xustificaron en base ao artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que quedará debidamente xustificada no expediente de contratación.

Terceiro. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do POS+ Adicional 2/2021.

- Inicio do procedemento de imposición de penalidades por demora na obra de Concheiros.

Acórdase iniciar o procedemento de imposición de penalidades á UTE Concheiros 2 (Xestión Ambiental de Contratas, SL, e Construcciones y Servicios Orega, SL), contratista das obras definidas no proxecto denominado “Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da Rúa Concheiros” co fin de que o director facultativo, en tanto que responsable do contrato, propoña, de ser o caso, a imposición de penalidades con indicación expresa e xustificada dos incumprimentos e as súas causas respecto do prazo total e/ou dos parciais e o seu alcance, así coma do número de días de retraso imputables ao contratista que deban terse en conta para establecer o importe da contía que corresponda a estas penalidades de acordo co establecido na cláusula 25 do PCAP.

A proposta seralle comunicada á UTE contratista para que nun prazo de 10 días presente alegacións.

- Rectificación dun erro no acordo de adxudicación do contrato de subministración de electricidade.

Acórdase rectificar a redacción do antecedente sete do acordo da Xunta de Goberno do 10/02/2020 polo que se lle adxudica o contrato baseado de subministración de electricidade en alta e baixa tensión a ENDESA ENERGÍA SA de modo que Onde di: a duración do contrato baseado e prórroga (no seu caso): 1 ano podendo prorrogarse por outro máis.

Debe dicir: a duración do contrato baseado e prórroga: 1 ano podendo prorrogarse por períodos de un ano ata un máximo de cinco anos

- Personamento no PO 7786/2021: impugnación da adxudicación do contrato para organizar Cineuropa 2021.

Acórdase ordear o personamento no procedemento xudicial indicado, autorizando a Asesoría Xurídica a asumir a defensa e representación do Auditorio de Galicia no devandito procedemento principal, na peza de medidas cautelares e en calquera outra fase ou incidente derivada dos mesmos.

- Denegación da solicitude de ampliación de prazo da obra Reparación da Ponte de Vidán.

Acórdase:

Primeiro.- Non autorizar as ampliacións do prazo de execución solicitadas ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP se ben o contrato seguirá vixente en tanto que non se execute a prestación na súa totalidade ou se resolva consonte o establecido no artigo 209 da LCSP.

Segundo.- Validar as actuacións ata o momento realizadas na execución das obras de referencia, emendando os defectos formais observados.

Terceiro.- Solicitalle ao responsable do contrato un informe no que de maneira xustificada analice os retrasos na execución do contrato respecto dos prazos totais e parciais para os efectos da determinación da posible apertura dun procedemento de imposición de penalidades.

